



COMISIÓN PERMANENTE DA XUNTA DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 16 DE DECEMBRO DE 2020

Acórdase por asentimento¹:

1. Aprobar a acta da reunión ordinaria do día 18 de novembro de 2020.
2. Recomendar ás persoas titoras concretar co alumnado no título definitivo do Traballo de fin de grao os títulos provisorios das propostas temáticas que resulten excesivamente xenéricos ou amplos, que obriguem a realizar traballos demasiado descritivos, propios de manuais, ou ben traballos máis propios de auténticos tratados que dun traballo académico das características que debe reunir o Traballo de fin de grao.
3. Aprobar a listaxe provisional de propostas temáticas para o Traballo de Fin de Grao do curso académico 2020-2021 presentadas coas firmas requiridas e condicionar a aprobación da proposta provisional presentada sen a sinatura da persoa titora a que se subsane a falta de firma.
4. Elevar a definitiva a listaxe provisional de propostas temáticas para o Traballo de Fin de Grao no caso de non presentarse ningunha reclamación no prazo de cinco días lectivos.
5. Manter a titorización e as propostas temáticas dos Traballos de Fin de Grao asignadas nos dous cursos anteriores para o alumnado que se presente ao primeiro ou segundo prazo de defensa (novembro e febreiro) habilitados en cada curso académico.

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Comisión Permanente da Xunta da Facultade de Dereito de Ourense, celebrada o día 16 de decembro de 2020, se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios e na web da Facultade o día 17 de decembro de 2020.

A Secretaria da Facultade de Dereito
Asinado dixitalmente
Concepción Martínez Martínez

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada ante o Reitor no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación ou notificación, de acordo co disposto nos Estatutos da Universidade de Vigo e nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

¹ Toda a documentación pode consultarse na Secretaría do Decanato.